

6 *Article*

Galegos e irlandeses na diáspora (1830-1950): elementos para unha comparanza

Xosé M. Núñez Seixas¹
Universidade de Santiago de Compostela

¹
Unha primeira versión deste artigo foi presentada como relatorio no congreso *Galicia-Irlanda, dúas fisterras europeas / Ireland-Galicia, Two European Finisterres*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 21-24 de abril de 2004.

On the basis of the shared ground of Irish and Galician emigration overseas since the nineteenth century, this article offers a comparative analysis of both historical processes and goes beyond the mythical discourse created by *galeguismo* (and Galician culture in general), which attempted to draw a parallel between both migratory processes, based on a supposed common ethnic origin. The realities of Irish and Galician transatlantic migration were similar to an extent. Yet three main factors determine their radical differences: the chronological periods involved (the second half of the nineteenth century in the case of Ireland, and the period between 1880-1930 in the case of Galicia), the destinations (North America and Australia in the Irish case, and South America in the Galician one), and the work-related and social integration programmes with which the Irish and Galician populations engaged in their respective host countries. The levels of organisation and socio-political protest differed between each migrant community, although both experienced the nationalist and land reform movements within their elites. By analysing how these variables evolved in both cases, important conclusions can be reached which can be useful for the transnational study of migration movements.

Keywords

Migration
Migrant communities
and associations
Nationalism
Land reform
Celticism

Palabras clave

Emigración
Comunidades emigrantes
Asociacións de emigrantes
Nacionalismo
Agrarismo
Celtismo

Abstract

Resumo

Partindo das experiencias de Irlanda e de Galiza como países caracterizados por unha emigración ultramarina masiva dende o século XIX, o artigo pretende esbozar unha serie de puntos para establecer unha comparanza

*Galegos e irlandeses na
diáspora (1830-1950): elementos
para unha comparanza*
Xosé M. Núñez Seixas

histórica entrambos os dous exemplos, indo máis alá do discurso mítico elaborado polo galeguismo e pola cultura galega en xeral que pretendía ver un paralelismo dos dous procesos migratorios, alicerzado nunha orixe étnica común. Porén, e aínda que as dimensións relativas das emigracións transoceánicas foron semellantes en Irlanda e en Galiza, non o foron nin a periodización (mediados-finais do século XIX no caso irlandés, 1880-1930 no caso galego), nin os destinos (Norteamérica e Australia nun caso, Sudamérica no outro), nin tampouco as dinámicas de inserción sociolaboral dos irlandeses e dos galegos nas sociedades ás que emigraron, fóra de semellanzas xenéricas. Igualmente, as formas de artellamento organizativo e mobilización sociopolítica das comunidades emigrantes coñeceron diversos graos de intensidade nos casos irlandés e galego, malia coñeceren ambos os dous o protagonismo dos movementos agrarista e nacionalista entre as elites emigrantes. Con todo, da ollada cruzada da evolución desas variables nun e noutro caso pódense atopar tamén abondosas leccións para a análise transnacional das migracións.



Talvez poida parecer, e de feito así é, que Galiza e Irlanda teñen pouco en común, alén do parentesco mítico construído e idealizado pola tradición cultural do nacionalismo galego, comezando pola invención do celtismo. Mais, se no tocante ao desenvolvemento dos seus movementos de reivindicación cultural e política ambos os dous territorios seguiron rumbos en boa parte dispaes, Galiza e Irlanda si que comparten un evidente trazo en común: son países de emigración. Sen pretendernos demostrar a evidente particularidade de cada un dos casos, tentaremos abordar nas páxinas que

seguen un esbozo de análise comparativa, co obxectivo de servir de hipótese ou de punto de partida para futuros desenvolvementos.

I. Dous países, un destino?

As taxas de migración neta en Irlanda e en Galiza son comparables. Os case cinco millóns de irlandeses emigrados aos EUA entre 1820 e 1920, que constitúen unha parte dos sete millóns que migraron a destinos ultramarinos nese período, son relativamente similares en termos porcentuais aos 1.700.000 galegos saídos entre 1850 e 1930 cara ás Américas, dos que non volverían polo menos 578.000. As porcentaxes de retorno foron moito maiores, porén, no caso galego (arredor dun 30-40% de retornos desde Latinoamérica) que no caso irlandés, que rexistrou unha taxa menor (do 11%, de retornos desde os EUA) (Rodríguez Galdo 1993; Villares/Fernández Santiago 1996; Miller 1985; Kenny 2000; Dolan 2008).

Porén, Galiza e Irlanda non só son comparables nas porcentaxes de saída. Estas foron, no caso irlandés, maiores e máis concentradas no tempo, ademais de anteriores. Por exemplo, nas décadas centrais do século XIX, e debido á *Great Famine* ou *an Gorta Mór* de 1845-1852, un millón de irlandeses tiveron que emigrar e outro millón atopou a morte, mentres que no caso galego a emigración foi máis serodia e delongada no tempo, sen que ningunha das crises agrarias de mediados do século XIX fose remotamente equiparable á situación irlandesa nas súas dimensións catastróficas nin nos seus efectos migratorios. Son igualmente comparables algunhas das modalidades de artellamento societario e institucional das colectividades de emigrantes de ambos os dous países na América, así como o sobranceiro influxo que as colectividades de emigrantes xogaron nas dinámicas sociopolíticas e culturais dos países de orixe. Tanto Irlanda como Galiza constitúen bos exemplos da 'imaxinación diaspórica' (Jacobson 1995) de dous países que se senten, a través da emigración, presentes no mundo, e que foron quen de crear un relato épico e conmisericordioso asemade da súa experiencia migratoria. Por esta razón, estes dous países poden servir como laboratorios de análise de cuestións coma o transnacionalismo e a historia global (Kenny 2003; Núñez Seixas 2002b). Do mesmo xeito, pódese afirmar que a evolución dos paradigmas interpretativos dominantes nas historiografías galega e irlandesa, así como na historiografía internacional sobre a emigración galega e sobre a emigración irlandesa, presentan máis dun paralelismo. En ambos os dous casos pasouse dun paradigma nidiamente estruturalista, que puña o acento no atraso agrario como causa e efecto do éxodo (desde unha perspectiva neomalthusiana), a un enfoque que dá prioridade á axencia sobre a estrutura, e que contempla

as estratexias individuais e colectivas dos emigrantes, o peso das súas tradicións de mobilidade previa e máis o cálculo racional que operaba nas súas estratexias migratorias, non sempre guiadas pola pobreza (Kenny 2009; Núñez Seixas 2005b).

Os termos empregados no discurso público á hora de referirse aos ausentes en cada tradición nacional tamén son indicadores do lugar outorgado aos emigrantes no imaxinario colectivo do país de orixe. Os tratadistas italianos xa escribían sobre os *italiani all'estero* (italianos no estranxeiro) ao referírense ás súas colectividades de emigrantes (Sanfilippo 2005). Os políticos e intelectuais irlandeses, pola contra, forxaron a metáfora recorrente da *Sea-divided Ireland* ou *Sea-divided Gael*. Os galegos, e nomeadamente os intelectuais galeguistas, referíronse á 'Galiza de alén mar' ou da 'Galiza emigrada'. Para galegos e irlandeses, as colectividades emigradas convertéronse nunha sorte de prolongación, idealizada no tempo e no espazo pero presente na vida cotiá e na actualidade social e política, dos seus países de orixe (Núñez Seixas 1998). Esa delongación tamén se expresou de xeito simbólico no protagonismo que nas súas elites dirixentes xogaron galegos e irlandeses nados alén mar. Dous exemplos abundan. Éamon de Valera (1882-1975), primeiro presidente electo do Parlamento irlandés no 1919, do Estado Libre de Irlanda e máis logo da República Independente de Irlanda, nacera en Nova York como fillo (presuntamente ilexítimo) dun emigrante español e dunha emigrante irlandesa. Quizais grazas á súa cidadanía norteamericana De Valera puídose librar de ser fusilado pola súa participación no alzamento de Pascua (*Easter Rising*) de 1916, e conseguiu asemade mobilizar un grande apoio da comunidade irlandesa nos EUA entre 1919 e 1920, nunha grandeira xeira de propaganda que durou dezoito meses (Edwards 1987; Coogan 1993). Alfonso R. Castelao (1886-1950), catro anos máis novo que o irlandés, e líder por antonomasia do nacionalismo galego poucos anos despois, morreu no exilio porteño, mais era fillo de indiano, dúas das súas irmás naceran na provincia de La Pampa (Arxentina), e el mesmo residira na Arxentina durante catro anos cando era un neno. Por esta razón mantivo unha visión moi particular da Galiza emigrada durante o seu exilio na Arxentina, ao longo da década de 1940 (Núñez Seixas 2004). Un debate semellante nos seus parámetros principais desenvolveuse arredor dos chamados 'americanos', é dicir, os emigrantes retornados de América, que xogaron un papel no agrarismo, no movemento operario e no nacionalismo galego do primeiro terzo do século xx (Núñez Seixas 1998).

A importancia de personaxes coma os 'americanos', os *I-guessers* irlandeses retornados da América ou os activistas dacabalo de dous mundos era ben sintomática en ambos os dous casos, como tamén o era no de Italia e outras nacións europeas. Talvez non para Éamon de Valera en persoa, quen a fin de contas fora criado no condado de Limerick pola súa nai desde os dous anos; pero si para moitos irlandeses e galegos coetáneos del, para quen a escola de cidadanía onde se adquiría o coñecemento e a experiencia de novas estratexias de mobilización social, mesmo a 'outra patria' onde se aprendía a ollar con diferentes ollos a terra de orixe, era a cidade americana. Certo é que a diáspora irlandesa tivo outros centros sobranceiros no Vello Continente, como as cidades británicas de Liverpool, Londres ou Glasgow. Pero o enclave decisivo, pola súa contía e pola importancia decisiva dos recursos achegados, foi Norteamérica, e en particular, un feixe de cidades que aínda hoxe conservan un forte carimbo da presenza da inmigración irlandesa (enténdase, por exemplo, Boston, Chicago ou Nova York, entre outras moitas).

Alén das frecuentes e recorrentes alusións na publicística e na literatura galega desde mediados do XIX ás semellanzas da situación de Galiza con Irlanda —canto á percepción de atraso e de agravio comparativo no trato sufrido polo Estado, suposta parentela mítica de devanceiros celtas, e mais á presenza nos dous países dunha masiva emigración e protesta agraria—, cabe lembrar que o modelo irlandés de mobilización social desde América operou como modelo ou patrón de imitación para as elites galegas de América, igual que o foi no nacionalismo e no agrarismo galegos (Cabo Villaverde 1998).

Desde finais do século XIX, cando os xornalistas e intelectuais que figuran entre as primeiras elites promotoras do asociacionismo galego en Cuba, Uruguai e Arxentina (desde Waldo Álvarez Insua ata Manuel Barros) aludían á importancia que posuían as comunidades de emigrantes como motores de rexeneración do país de orixe, estaban a pensar sobre todo nun modelo: as comunidades de emigrantes irlandeses dos Estados Unidos. Emporiso, este era un modelo que os galegos só coñeceron de xeito moi indirecto e a través da prensa ou da literatura, xa que os contactos directos entre as institucións da diáspora irlandesa e os centros de emigrantes galegos foron mínimos, por non dicir case inexistentes. Proba disto, por exemplo, foi o feito de que cando a *Xuntanza Nazonalista Galega* d'A Habana enviou unha mensaxe 'aos Irmaos da Irlanda' en xaneiro de 1921, non ficou claro exactamente a que institución se enviou, ou se houbo resposta (Núñez Seixas 1992a: 112). Esta circunstancia non era de sorprender, xa que non houbo moitas oportunidades de contacto físico e convivencia con inmigrantes irlandeses nos lugares de emigración masiva dos galegos. Dunha banda, os irlandeses da Arxentina foron poucos, chegaran denantes que o groso dos galegos, e establecéranse de maneira maioritaria nas zonas rurais do interior do país, fronte á vocación maioritariamente urbana, e diríamos mesmo porteña, da maioría dos inmigrantes galegos (Landaburu 2006). Doutra banda, os inmigrantes galegos nos Estados Unidos foron comparativamente unha minoría case insignificante dentro do variado mapa étnico dos grupos inmigrantes naquel país: uns 50.000 inmigrantes na altura da década de 1920, apenas un 1 por cento do que fora a inmigración irlandesa. Por citar un exemplo concreto, a colonia galega afincada en Nova York —a relativamente mellor coñecida pola pescuda galega ata o de agora— foi comparativamente moi escasa canto á súa contía, pois os galegos chegaron á urbe neorquina moito despois de que os irlandeses se tivesen xa establecido nela. O seu artellamento societario foi máis ben serodio e o seu protagonismo na vida política e social de Galiza foi realmente moi secundario ata a Guerra Civil, cando organizacións coma o *Frente Popular Antifascista Gallego* de Nova York e doutras cidades dos EUA, ou a forte presenza galega nas *Sociedades Hispanas Confederadas*, tornáronse en importantes fornecedores de recursos para os exiliados republicanos galegos (Alonso Fernández 2006; Pérez Rey 2008; Varela-Lago 2008).

Así e todo, o exemplo das xeiras do líder do *Irish Parliamentary Party* Charles S. Parnell por América no 1880 en procura de fondos para a axitación agraria, para a *Land League* e, en xeral, o movemento agrario irlandés foron moi importantes para axudar a cristalizar moitas das iniciativas artelladas desde América cara á Galiza. E foi igualmente esa lembranza a que empurrou tanto ao directorio de Teis a enviar un delegado, Emilio Rodal, en xeira de recadación de cartos para o movemento agrarista tanto a Cuba como á Arxentina no 1909-1910, como máis tarde se había de enviar ao carismático Basilio Álvarez, novo líder do movemento agrarista galaico,

a Cuba (1913) e Arxentina (1915) na procura de apoios. Tanto nun lugar coma noutro foi acollido con entusiastas titulares. 'Vén a América o Parnell galego', recollía, por exemplo, a revista agrario-rexionalista *Suevia* de Bos Aires, co gallo da primeira visita de Álvarez ao Novo Continente (1913). Do mesmo xeito, cando as Irmandades da Fala, en data tan temperá como 1918, comezaron a interesarse polas posibilidades de incrementar os seus apoios sociais e de iren á procura dunha 'burguesía nacional' que puidese nutrir as ringleiras do seu movemento, pensaron sobre todo en América. Así se explican as primeiras iniciativas, xa desde a campaña de propaganda que encetaron as Irmandades da Fala e a publicación do folleto de Luís Porteiro Garea, *A los gallegos emigrados* (1918).

Emporiso, as inspiracións do exemplo irlandés no caso galego non foron moito máis aló da retórica. A resposta dos tecidos societarios irlandeses e galegos en América fronte ás apelacións á axuda emanadas desde *Éire* e Galiza foi moi diferente. Foi masiva e decisiva nun caso, máis modesta e circunscrita no outro, malia imaxinar que a mesma comuñón da causa agraria e da causa nacionalista se podería producir no caso galego. É no eido do agrarismo, e non tanto do nacionalismo, onde podemos atopar máis semellanzas xenéricas entre o caso irlandés e máis o caso galego. Con todo, é igualmente certo que existiron algúns paralelismos, que podemos resumir do xeito seguinte:

1. Moitas sociedades de instrución microterritoriais dos emigrantes galegos xurdiron non tanto por mobilización puramente endóxena dos colectivos de emigrantes orixinarios dun ámbito xeográfico determinado. Pola contra, o aliciente decisivo para a cristalización de formas organizadas de asociación e sociabilidade foi a presenza de organizacións agrarias parroquiais e municipais que demandaron axuda aos seus coterráneos, ou á 'parroquia de alén mar'.

2. A constitución de organizacións federativas desas sociedades microterritoriais nos anos 10 e 20 do século xx debeulle moito ao pulo do agrarismo en Galiza, e por tanto tiveron unha influencia fundamental como fornecedores de fondos e modelos organizativos, así como de líderes retornados, nas organizacións agrarias actúantes en Galiza. Mais fracasaron nun punto: se en Irlanda semellaba haber un certo grao de correlación entre a solidez organizativa das estruturas unificadas do agrarismo en Irlanda e na América (a *Land League* dos EUA, por exemplo), no caso galego esas estruturas organizativas de ámbito supralocal tiñan moita máis forza e perduraban máis tempo en América que en Galiza, onde os repetidos proxectos de artellar un Partido Agrario ao xeito *irlandés* fracasaron de maneira estrepitosa.

3. Un bo número de líderes locais e supralocais do agrarismo galego proviñeron da emigración, e fora na América, nomeadamente na Arxentina e en Cuba, onde se forxaran nas armas da mobilización social, do sindicalismo ou do liderado político, ademais de no manexo da pluma na prensa escrita.

Pódese así mesmo sinalar, referíndonos neste caso ao nacionalismo, que, en primeiro lugar, os grupos de tendencia abertamente independentista dentro do movemento galeguista xurdiron nun principio na América; e en segundo, que estes inspiráronse nalgún caso, como aconteceu na cidade da Habana, de xeito vago no modelo organizativo das sociedades secretas nacionalistas irlandesas, e nomeadamente nos fenianos, dos que tamén herdaron a mística da rebelión de Pascua de 1916, a idea do sacrificio dunha morea de patriotas que serviría para aguillar o resto da poboación

a resultas da represión dos colonizadores. Ese modelo transmitiuse a través de contactos ou mediadores indirectos e case nunca mediante tomas de contacto directas cos representantes irlandeses en España (agás algúns contactos esporádicos da Mocidade Céltiga de Madrid coa delegación do Sinn Féin na capital española) ou nas Américas (Núñez Seixas 1992b).

Con todo, e a diferenza do que foi o ronsel deixado por organizacións de implantación relativamente ampla entre os irlandeses emigrados, como a *Irish Republican Brotherhood*, dos *Molly Maguires*, os fenianos, ou o *Clan na Gael*, a proxección social dos grupos arredistas entre o conxunto dos emigrantes galegos foi escasa, se ben non tan insignificante como o era de xeito coetáneo na Galiza metropolitana; nada comparable ao eco da *National League* dos irlandeses na Norteamérica a finais do XIX. Nin o modesto órgano independentista de Bos Aires *A Fouce* (1926, 1930-36), e nin sequera as revistas ou periódicos non estritamente nacionalistas pero si próximos en diversas fases ao primeiro, coma *El Despertar Gallego* ou *Galicia*, publicados en Bos Aires de 1921 en diante, tiveron o eco que tivo entre os *Irish-Americans*, poñamos por caso, o influente xornal *The Gaelic American* de Chicago (Brown 1966; Núñez Seixas 1992a; Doorley 2005).

II. Irlandeses e galegos na diáspora

Que Irlanda non é Galiza é máis que obvio. Pero que as súas colectividades de emigrantes, alén das semellanzas xenéricas, tamén presentan paralelos e diverxencias é talvez menos coñecido. Podemos sinalar algúns puntos para unha posible comparanza entre as experiencias migratorias galega e irlandesa, sen pretensión de sermos exhaustivos.

1. Os destinos americanos foron, de entrada, moi diferentes. Os irlandeses emigraron de xeito esmagadoramente maioritario cara aos EUA, concentrándose sobre todo no nordeste e na rexión dos Grandes Lagos, e nomeadamente en cidades como Chicago, Boston e Nova York. Os galegos dividíronse entre Cuba, Arxentina, Brasil e Uruguai entre outros. Ademais, o groso da emigración irlandesa asentouse nas Américas denantes que a emigración galega: os hibernicos chegaron case ao mesmo tempo que a grande vaga dos italianos, mentres que os galegos chegaron maioritariamente despois destes últimos.

2. Outro punto de similitude foi que tanto os irlandeses como, de xeito máis concentrado, os galegos, preferiron en xeral asentarse nas grandes cidades dos países de destino. Porén, os seus patróns de inserción socio-laboral presentaron algunhas diferenzas substanciais: os irlandeses estaban máis representados que os galegos nas áreas rurais dos países de destino, e nalgúns destas, coma Arxentina e Australia, asentáronse tamén como granxeiros independentes. Nas cidades da costa leste de Norteamérica os irlandeses ocuparon polo xeral chanzos inferiores e menos cualificados do mercado laboral, sobre todo traballos manuais mal pagos na industria e nos servizos. Por esta razón, durante unha longa etapa que chegou case até o remate do século XIX experimentaron unha limitada mobilidade social. Este trazo tamén caracterizou aos irlandeses que se estableceron como colonos agrícolas no Medio Oeste, menos exitosos comparativamente que outros grupos étnicos inmigrantes, pero tamén que os propios irlandeses na Australia, Nova Celandia ou outros destinos de alén mar (Miller 1985; Campbell 2007). Os galegos, pola contra, malia tamén estaren presentes nesa camada do mercado laboral, concéntranse de xeito relativamente

maioritario nos estratos menos cualificados do sector terciario, nomeadamente no sector dos servizos urbanos, tanto no Brasil coma na Arxentina, aínda que neste último caso as pescudas sobre casos máis concretos, como a cidade de Avellaneda, alumean un panorama de inserción sociolaboral non moi diferente do que caracterizaba aos irlandeses nos EUA (Sarmiento 2006; Farías 2010).

3. No tocante á experiencia cultural dos emigrantes, cómpre lembrar que galegos e irlandeses sufriron de xeito análogo no Novo Continente un certo menosprezo social, consecuencia da presenza anterior nas sociedades de acollida dun estereotipo étnico negativo ou, cando menos, pouco favorable dentro da 'xerarquía étnica' construída para xulgar as diversas nacionalidades inmigrantes. Os irlandeses tiveron que enfrontarse na Norteamérica a un estereotipo negativo transplantado desde a Inglaterra victoriana, e resumible no *Paddy* bébedo e amante da troula, semisalvaxe e violento. O 'celta' non era considerado parte integrante do núcleo fundamental da sociedade norteamericana (branco, anglosaxón e protestante). Só de xeito gradual foi conseguindo ser aceptado, en parte por un xogo de contraposicións fomentado pola elite inmigrante irlandesa, como parte das novas achegas de inmigración 'exótica' que incluía aos chineses (Kuo Wei Tchen 1997), aos italianos e latinos, así como aos eslavos e, nomeadamente, aos poloneses. Este pode considerarse un dos logros dos 'Bostonians' (Handlin 1941), así como a maneira en que, como escribira o polémico historiador Noel Ignatiev (1995), os irlandeses se converteran en 'brancos', se ben a indefinición desta categoría no contexto da sociedade norteamericana teña sido obxecto de abondosas críticas na historiografía recente sobre os *Irish-Americans* (Kenny 2009).

Os galegos tiveron tamén que facer fronte a un prexuízo e máis a un estereotipo negativo, que levados en parte desde a metrópole, foron agravados coa recorrente metonimia que os asociaba ao conxunto dos españois desde finais da época colonial, e os convertía en albo do anti-hispanismo dos nacionalismos emancipatorios de Suramérica e América Central. Ademais, a súa condición social maioritariamente humilde non melloraba ese prexuízo (Núñez Seixas 2002; Lojo, Farías e Guidotti 2008). Con todo, igual que os irlandeses, os galegos tamén xogaron coas contraposicións a respecto doutras inmigracións presentadas como 'exóticas' para seren mellor aceptados como partes integrantes e constitutivas dos substratos etnoculturais das nacións latinoamericanas. Desenvolveron para iso un abano de estratexias discursivas e simbólicas, entre elas a procura por parte das elites inmigrantes dunha xenealoxía común cos propios mitos de orixe elaborados polos nacionalismos americanos, ao tempo que salientaban a afinidade 'etnocultural' cos pobos de acollida, fronte á presenza doutros grupos étnicos inmigrantes que eran definidos agora como verdadeiramente 'exóticos' e alleos a esa matriz. Neste grupo dos 'outros' estaban incluídos os chineses de Nova York, os afroamericanos en toda a costa leste e no Medio Oeste norteamericano, ou os sirio-libaneses (despectivamente chamados 'turcos') en Bos Aires.

4. Os irlandeses, especialmente nas grandes cidades dos EUA, tamén crearon tecidos asociativos multiformes, entre os que salientaron as asociacións de ámbito local ou comarcal. No caso dos irlandeses de Nova York, por exemplo, estas eran as 'county societies', que trasladaban en boa medida os marcos de interacción social e as identidades locais que eran familiares aos irlandeses no seu país de orixe (Ridge 1997). Estas sociedades, pola súa banda, complementábanse con asociacións de maior dimensión. Os galegos en Bos Aires, A Habana e en menor medida noutras capitais, crearon

así mesmo un tecido capilar de asociacións locais, parroquiais e de ámbito galego. Mais o transplante *tout court* ás cidades americanas de identidades parroquiais ou locais supostamente ‘primordiais’ é máis que discutible. Na miña opinión, a propia fragmentación das dinámicas de acción colectiva no rural galego do primeiro terzo do xx tamén se traduce na ambivalente dialéctica entre identidade transplantada e racionalidade estratéxica e funcional á hora de optar por un ámbito ou outro de organización territorial por parte dos emigrantes, de maneira coherente cos obxectivos das asociacións que fundaban. As identidades locais e parroquiais tamén foron inventadas (ou, mellor dito, construídas) por parte das elites inmigrantes, e recreadas en novos espazos de sociabilidade. Así, só arredor dun terzo das asociacións galegas de emigrantes na Habana e en Bos Aires adoptaron como ámbito de interacción e actuación a freguesía, por exemplo (Núñez Seixas 2005a). Con todo, foi precisamente a forza e capilaridade deses tecidos asociativos, dotados ademais de prensa propia e dunha rede de lugares de sociabilidade, ritos e festas comúns, a que fortaleceu o sentimento compartido de integración nunha comunidade de inmigrantes procedentes dunha mesma orixe e vinculados por eles primordiais.

Este *sentimento de comunidade*, con todo, foi moito maior entre os irlandeses que entre os galegos. De entrada, o índice de permanencia definitiva no país de destino foi no caso irlandés superior ao galego. Ademais, no caso dos galegos apenas un 20-25%, como moito, dos varóns emigrados pertencen a asociacións de recreo, axuda mutua ou de tipo cultural e político (Núñez Seixas 2005a). Estas sufrían ademais a concorrencia das asociacións de ámbito español, mentres os irlandeses non se adherían ás asociacións de emigrantes británicos, por exemplo. Outro factor que xogou un apreciable papel no reforzamento da conciencia comunitaria dos irlandeses dos EUA (igual que aconteceu entre os poloneses, por exemplo) foi a relixión católica, que causaba fortes problemas de asimilación no conxunto da comunidade irlandesa aos emigrantes protestantes e nomeadamente aos procedentes do Úlster (Griffin 2001). Este tipo de factores apenas xogaron un papel salientable no caso dos galegos.

Unha consecuencia disto foi tamén que entre estes últimos o laicismo e a ausencia de cregos entre os seus líderes étnicos foi a tónica dominante. Algo moi diferente ao que acontecía entre os irlandeses ou os emigrantes vascos en diversos puntos de América (Núñez Seixas 2001a).

5. Cómpre lembrarmos outro factor igualmente influente que ten que ver coa diferente configuración social e, por tanto, coas diverxentes oportunidades para a mobilidade social ascendente que se ofrecían a irlandeses e galegos en sociedades tan diferentes como a norteamericana e as sociedades latinoamericanas.

Segundo a teoría de redes, para os grupos étnicos inmigrados nos EUA que non pertencían ao celme crucial da nación norteamericana tal e como aquel era definido polo propio nacionalismo norteamericano (o chamado WASP, acrónimo das iniciais de brancos, anglosaxóns e protestantes), a arma sobranceira para a ascensión social e a defensa dos seus intereses era, sobre todo, o dereito de voto, pois as posibilidades de ascenso social individual na elite norteamericana eran máis reducidas: faltaban ‘cabezas de ponte’, de aí a importancia que adquiriron os mediadores étnicos ou *brokers* no caso dos grupos étnicos inmigrantes dos EUA. Isto favorecía a cohesión das colectividades de emigrantes, fornecíalles recursos e motivábaas e capacitábaas igualmente para actuaren como unha sorte de *lobbies*, de grupos de presión dentro da sociedade norteamericana. De feito, foi o

lobby Irish-American o que tentou presionar o presidente dos EUA Woodrow Wilson nos anos 1918-1919 para que a Conferencia de Paz de Versalles recoñecese a independencia de Irlanda, igual que o fixeron os *lobbies* polonés ou checo e eslovaco na mesma altura, con bastante máis éxito que os hibernicos (Edwards 1987: 88-95).

As estruturas de liderado étnico gozaban así de condicións máis favorables para artellárense e perviviren nos EUA que, por exemplo, na Arxentina. Neste último país, as dinámicas de mobilidade social eran máis abertas, debido a que a elite crioula era menos compacta, e tamén máis aberta a novas incorporacións sucesivas de inmigrantes enriquecidos, desde o segundo terzo do século XIX. Daquela, nin o sufraxio nin o artellamento de potentes asociacións e grupos de presión eran instrumentos indispensables para os inmigrantes. De aí que a cohesión das colectividades inmigrantes fose menos sólida en América Latina que nos EUA, e tamén a súa pervivencia no tempo como *lobbies*.

Doutra banda, os patróns de asentamento residencial nas cidades de inmigración latinoamericanas, como Bos Aires, caracterizáronse por unha segregación étnica do hábitat urbano considerablemente inferior á dos EUA. Por esta razón, en Bos Aires, São Paulo ou A Habana non se formaron *Little Italies* ao estilo norteamericano, onde esa segregación étnica dos patróns de asentamento urbano era moito maior, e onde o 'barrio étnico' adquiriu unha importancia decisiva, da que se derivou así mesmo unha maior forza dos elos de cohesión comunitaria (Moya 1998). As diferenzas entre os comportamentos das comunidades de emigrantes irlandeses e galegos explícanse, xa que logo, non só en función dos condicionantes internos de ambos os dous colectivos, senón tamén porque as sociedades de acollida (EUA e Latinoamérica) eran diferentes. Esta circunstancia apréciase moi ben ao compararmos comunidades de emigrantes dunha mesma orixe en dous contextos diferentes, como amosa o estudo de Sam Baily sobre os italianos en Nova York e Bos Aires (1999).

6. Unha diferenza adicional entre galegos e irlandeses atinxe ao nivel de consciencia da súa especificidade etnocultural e territorial, traducible, xa que logo, en diversos graos de conciencia nacional, que era moito máis alta no caso irlandés que no caso galego.

O nacionalismo irlandés era un movemento que xa contaba a mediados do XIX cun apoio social máis que significativo, e xa gozaba daquela dunha importante difusión social (Brown 1966). Antes da Grande Fome de 1845, tivera lugar a finais do século XVIII a revolta dos *United Irishmen* de Wolfe Tone, maioritariamente protestantes e cuxos exiliados deron lugar aos primeiros gromos do nacionalismo irlandés na América; tamén se asistira á emancipación católica conquistada no 1829 pola *Catholic Association* de O'Connell e no 1840 fora fundada a *Young Ireland* por Thomas Davis (1840). Aínda que a forte emigración e o apoio dos irlandeses do exterior incentivou e esporeou a aparición de organizacións secretas de natureza revolucionaria e armada, coma a *Irish Republican Brotherhood* (1858), e mesmo favoreceu a consolidación da *Home Rule League* desde 1868, o grao de conciencia nacional que os labregos irlandeses levaban canda eles cando emigraron era moito maior que o que puideron levar os galegos ata a década de 1920, e mesmo alén desa época. Por esta razón, os grupos irlandeses deixaron tamén o seu carimbo en todos os ámbitos políticos e sociais nos que participaron, comezando polo movemento operario.

As circunstancias da emigración irlandesa, un éxodo masivo provocado en boa parte pola fame e pola falla de intervención británica perante

2

Este enfoque, inaugurado por Brown, segue a dominar boa parte da pescuda histórica sobre o nacionalismo irlandés en América e na diáspora en xeral. Véxase por exemplo Brundage (2009).

o que moitos irlandeses xulgaban que era un réxime opresivo (manifesto da discriminación política dos católicos ou no réxime de tenza da terra), así como a estigmatización dos ‘Celtas católicos’ pola sociedade norteamericana, non deixaron de crear un contexto favorable para a consolidación dun marco discursivo que resultou fundamental para a consolidación do nacionalismo irlandés entre os emigrantes. Para moitos dos que se viran obrigados a tomaren o camiño da emigración, Gran Bretaña pasou a ser considerada como o sobranceiro culpable do seu éxodo, debido á súa responsabilidade por manter na pobreza ao pobo irlandés mediante unha suxeición colonial ou pseudocolonial. Estes terían aprendido na América, malia as súas privacións, e como resumía T. N. Brown, que ‘poverty was not a necessary condition of existence. The squalor of Ireland infuriated Irish-Americans as it never had the peasant Irish. And their own poverty they laid upon thconscience of England’ (1978: 329). A dura experiencia da emigración e da adaptación a unha nova sociedade contribuíra a ‘abririlles os ollos’ e, aínda que a importancia das tradicións de mobilidade xeográfica e o papel das migracións irlandesas aos EUA desde mediados do século XVII teña sido salientada pola historiografía máis recente, que elaborou unha interpretación menos trágica e máis matizada da migración masiva dos irlandeses cara a América no século XIX, o certo é que o papel crucial da *Grande Fame* marcou a experiencia irlandesa cuns trazos de sufrimento e *epos* dificilmente igualables polas migracións europeas do seu tempo.

Ao mesmo tempo, o etnonacionalismo foi para os irlandeses un instrumento co que gañar maior respecto por parte da sociedade norteamericana. Dito doutro xeito: a afirmación da súa identidade étnica decorría de xeito paralelo á súa énfase por conquistar unha maior integración social e cultural. Por tanto, o desenvolvemento do sentimento nacionalista entre os irlandeses de América habería ser visto como unha estratexia de asimilación no crisol de razas estadounidense, antes que como un atranco a esa asimilación.²

Por outra banda, é certo que os inmigrantes irlandeses se asimilaron rapidamente na maioría anglofalante, malia os gaélicofalantes ter constituído arredor dun terzo dos emigrantes que saíron da illa contra mediados do XIX, unha diferenza que non puido ser contrarrestada polo impacto do renacemento gaélico na América, aspecto este no que a experiencia gaélico-irlandesa non foi demasiado diferente da galega na diáspora (Ní Bhroiméil 2003; Gugenberger 2006). Do mesmo xeito, a asimilación dos irlandeses na cultura de masas norteamericana tivo lugar sen grandes conflitos, aínda que o catolicismo remanecía a maiores como un forte piar da súa identidade. Era un elemento, ademais, de cuxa persistencia termaban ben os líderes étnicos relixiosos, no seo dunha sociedade de acollida maioritariamente protestante; pero tamén nun contexto maioritariamente católico, aínda que laicizado, como era o da Arxentina (Landaburu 2006). En moitas comunidades locais do Leste e do Medio Oeste dos EUA, os irlandeses convertéronse nunha sorte de ‘grupo líder’ das nacionalidades inmigrantes católicas, desde os poloneses aos italianos (Meagher 2000).

No caso galego non foi así. A pesar de que a grande maioría dos galegos (probablemente máis do 90%) que emigraron ata 1930 eran fundamentalmente galegofalantes e contaban cunha limitada competencia lingüística inicial en castelán, a súa asimilación cultural nas sociedades latinoamericanas foi tan rápida como a dos irlandeses, ou mesmo máis rápida aínda. O seu sentimento de lealdade nacional era fundamentalmente español, lido ou interpretado, iso si, a través de símbolos e imaxes rexionais ou locais.

Tratábase dunha sorte de ‘patriotismo feo, pequeno’, unha sorte de nacionalismo *de campanario*, moi condicionado por unha perspectiva local e siareira, segundo resumía o xornalista español na Habana Constantino Suárez *Españolito* (1924: 145). O peso do prexuízo negativo fronte aos galegos levaba ademais a moitos destes a identificáranse primordialmente como españois antes que como galegos. Por outra banda, o nacionalismo galego gañou terreo entre os emigrantes de maneira máis lenta e feble que no caso dos irlandeses, en parte por esa desvantaxe de partida, malia contaren co terreo favorable que sempre ofrecía a presenza, promovida polas asociacións de emigrantes galegos, dun discurso idealizador da *morriña*, da señardade pola terra idealizada na distancia. Arredor dun 12% dos galegos que responderon ao inquérito dun semanario galego de Bos Aires no 1932 definíronse como nacionalistas. Eran, sen dúbida, unha minoría. Mais, en termos relativos, pódese afirmar que a colectividade galega de Bos Aires ía por diante da Galiza metropolitana canto ao seu nivel de conciencia nacional galega (Núñez Seixas 2002a: 233-43).

7. Unha circunstancia desfavorable para os galegos foi que, nos comezos do século xx, existía unha concorrencia de elites políticas alternativas máis complexa que a que tivo lugar nas colectividades irlandesas da segunda metade do xix en Norteamérica. Como ten sinalado John Higham (1978, 1986) para o caso dos EUA, dos grandes movementos de protesta que atinxiron aos diversos grupos étnicos inmigrantes naquel país desde mediados do século xix, os dous últimos (o socialista e o nacionalista, entre 1880 e 1920) foron en grande parte inducidos pola chegada de activistas e exiliados da Europa e o influxo social directo dos novos inmigrantes, que arribaban a Nova York ou Chicago inzados das ideas dominantes, ou de novas ideas que cobraban forza nas sociedades de orixe.

Entre os irlandeses, os nacionalistas semellaban gañar a partida, en complementariedade, iso si, cos líderes afíns á *Land League* (Foner 1978; Walsh 1985), e de feito non é lugar común na historiografía norteamericana sobre a relación entre o mundo do traballo e a inmigración analizar o sindicalismo *Irish-American* na medida en que se trata doutras comunidades inmigrantes europeas. Pola contra, entre os sectores politicamente concienciados e mobilizados das colectividades galegas de Cuba, Arxentina e Uruguai, os filoagraristas e republicanos disputáronse o liderado do tecido de asociacións inmigrantes, xunto cos líderes procedentes do movemento operario dos países de acollida, como foi o caso na Federación de Sociedades Gallegas de Bos Aires (Díaz 2007). Ademais, nunha etapa que podemos considerar serodia en termos comparativos, entre comezos e mediados da década de 1920, fixeron a súa entrada en escea os nacionalistas, quen xamais chegaron porén a constituír a fracción dominante entre os *líderes étnicos* das colectividades galegas da América, nin sequera en Bos Aires, onde conservaron un forte influxo ata a década de 1960 (Núñez Seixas 1992a, 2001a).

A cuestión, por tanto, non só é se os emigrantes chegaron máis concienciados politicamente, ou non, a América, senón cales foron as condicións sociais e culturais que favoreceron, nun e noutro caso, o espallamento do etnonacionalismo entre os eles. Trátase tamén de interrogármolos sobre as diferentes oportunidades que as elites dirixentes irlandesas e galegas, e en definitiva os emigrantes irlandeses e galegos, atoparon en contextos tamén diferentes e en épocas igualmente diversas. Poida que ambos os dous se chamasen a si mesmos *celtas*, aínda que non co mesmo significado nin coa mesma intensidade, tentando enxalzar a súa orixe europea, branca, nórdica

e prestixiosa diante das sociedades de acollida. Ambas comunidades emigraron a dúas sociedades con modelos de asimilación ou integración diferentes, interactuaron con comunidades de inmigrantes tamén diferentes e, en definitiva, só desenvolveron patróns de actuación e influxo semellantes nun senso moi xenérico.

III. Coda

Para concluírmos, voltemos brevemente ao mito. A pesar de todas as diferenzas que existiron entre as experiencias históricas da diáspora irlandesa e da galega, o certo foi que a Irlanda emigrada sempre constituíu un exemplo, mitificado e deturpado entre brétemas druídicas, para a Galiza de alén mar. Aínda se pode rastrexar ese trazo na actualidade, malia se reducir na práctica a unha mera presenza folclórica, desde as gaitas galegas nos desfiles do Día de San Patricio en Chicago aos fillos de emigrantes galegos de Bos Aires que, en pleno auge da música celta na capital arxentina a mediados da década de 1990, decidiron ir aprender gaélico á Embaixada de Irlanda en Bos Aires, como medio de reafirmaren a súa identidade 'galega', pasando polas abondosas iniciativas de recrear unha música *celta* en Bos Aires a partir do legado dos gaiteiros e grupos musicais da colectividade galega desa cidade. Cabe preguntarse, con retranscra galega, mais non menos irlandesa, que tería opinado o poeta William B. Yeats de coñecer esta 'Galiza gaélica' xurdida en Bos Aires: se cadra, lembrando o famoso verso do seu poema 'Easter, 1916', que outra 'terrible beleza foi nada'.



Referencias

- ANÓNIMO, 1913. 'El Parnell gallego en América. El viaje del cura de Beiro', *Suevia* 26.4.1913: 1.
- ALONSO FERNÁNDEZ, B., 2006. *Obreiros alén mar: mariñeiros, fogoneiros e anarquistas galegos en New York (1900-1930)* (Vigo: A Nosa Terra).
- BAILY, S., 1999. *Immigrants in the Lands of Promise. Italians in Buenos Aires and New York City, 1870-1914* (Ithaca/Londres: Cornell UP).
- BROWN, T. N., 1996. *Irish-American Nationalism, 1870-1890* (Filadelfia-Nova York: J.B. Lippincot Co).
- _____, 1976. 'The Origins and Character of Irish-American Nationalism', en L. J. MCCAFFREY, ed., *Irish Nationalism and the American Contribution* (Nova York: Arno Press), 325-47.
- BRUNDAGE, D., 2009. 'Recent Directions in the History of Irish American Nationalism', *Journal of American Ethnic History* 28(4): 82-88.
- CABO VILLAVERDE, M., 1998. *O agrarismo* (Vigo: A Nosa Terra).
- CAMPBELL, M., 2007. *Ireland's New Worlds: Immigrants, Politics, and Society in the United States and Australia, 1815-1922* (Madison, WI: The University of Wisconsin Press).
- COOGAN, T. P., 1993. *De Valera: Long Fellow, Long Shadow* (Londres: Hutchinson).
- DÍAZ, H., 2007. *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas. Identidades políticas y prácticas militantes* (Bos Aires: Biblos/Fundación Sotelo Blanco).
- DOLAN, J. P., 2008. *The Irish Americans: A History*, Nova York: Bloomsbury Press.
- DOORLEY, M., 2005. *Irish-American Diaspora Nationalism: The Friends of Irish Freedom, 1916-1935* (Portland, OR: Four Courts Press).
- EDWARDS, O. D., 1987. *Éamon de Valera* (Cardiff: GPC Press).
- FARÍAS, R. (2010), 'La inmigración gallega en el Sur del Gran Buenos Aires, 1869-1960', Tese de Doutoramento, Departamento de Historia Contemporánea, USC.
- FONER, E., 1978. 'Class, Ethnicity and Radicalism in the Gilded Age: The Land League & Irish-America', *Marxist Perspectives* 1: 6-55.
- GRIFFIN, P., 2001. *The People with No Name: Ireland's Ulster Scots, America's Scots Irish, and the Creation of a British Atlantic World, 1869-1974* (Princeton, NJ: Princeton UP).

GUGENBERGER, E., 2006. 'Migrationslinguistik. Akkulturation, Sprachverhalten und sprachliche Hybridität am Beispiel galicischer Immigranten und Immigrantinnen in Argentinien', Tese de Habilitación, Universidade de Bremen.

HANDLIN, O., 1941. *Boston's Immigrants: A Study in Acculturation, 1790-1865* (Cambridge, MA: Harvard UP).

HIGHAM, J., ed., 1978. *Ethnic Leadership in America* (Baltimore: Johns Hopkins UP).

_____, 1986. 'La movilización de los inmigrantes', *Estudios Migratorios Latinoamericanos* 4: 461-487.

IGNATIEV, N., 1995. *How the Irish Became White* (Londres/Nova York: Routledge).

JACOBSON, M. F., 1995. *Special Sorrows: The Diasporic Imagination of Irish, Polish, and Jewish Immigrants in the United States* (Cambridge, MA: Harvard UP).

KENNY, K., 2000. *The American Irish: A History* (Harlow/Nova York: Longman).

_____, 2003. 'Diaspora and Comparison: The Global Irish as a Case Study', *Journal of American History* 90(1): 134-62.

_____, 2009. 'Twenty Years of Irish American Historiography', *Journal of American Ethnic History* 28(4): 67-75.

KUO WEI TCHEN, J., 1997. 'Quimbo Appo's Fear of Fenians. Chinese-Irish-Anglo Relations in New York City', en R. H. BAYOR e T. J. MEAGHER (eds.), *The New York Irish* (Baltimore/Londres: The Johns Hopkins UP), 125-52.

LANDABURU, R. E., 2006. *Irlandeses en la Pampa Gringa. Curas y ovejeros* (Bos Aires: Corregidor).

LOJO, M^a R., GUIDOTTI, M., e FARIÁS, R., 2008. *Los "gallegos" en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa* (A Coruña: Fundación Barrié de la Maza).

MEAGHER, T. J., 2000. *Inventing Irish America: Generation, Class, and Ethnic Identity in a New England City, 1880-1928* (Notre Dame, IN: University of Notre Dame Press).

MILLER, K.A., 1985. *Emigrants and Exiles: Ireland and the Irish Exodus to North America* (Nova York/Oxford: Oxford UP).

MOYA, J. C., 1998. *Cousins and Strangers. Spanish Immigrants in Buenos Aires, 1850-1930* (Berkeley: California UP).

NÍ BHROIMÉIL, Ú., 2003. *Building Irish Identity in America, 1870–1915: The Gaelic Revival*, (Dublin: Four Courts Press).

NÚÑEZ SEIXAS, X. M., 1992a. *O galeguismo en América, 1879-1936* (Sada: Eds. do Castro).

_____, 1992b. 'El mito del nacionalismo irlandés y su influencia en los nacionalismos gallego, vasco y catalán (1880-1936)', *Spagna Contemporanea* 2: 25-58

_____, 1998. *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)* (Vigo: Xerais).

_____, 2001. 'Leadership ethnique, exil politique et ethnonationalisme chez les collectivités ibériques en Amérique Latine (1880-1960)', en F. Devoto e P. González-Bernaldo (eds.), *Émigration politique. Une perspective comparée. Italiens et Espagnols en Argentine et en France (XIXe-XXe siècles)* (París: L'Harmattan-CEMLA), 263-94.

_____, 2002a. *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)* (Santiago de Compostela: USC).

_____, 2002b. 'History and Collective Memories of Migration in a Land of Migrants: The Case of Iberian Galicia', *History and Memory* 14(1-2): 229-58.

_____, 2004. 'Emigración y exilio antifascista en Alfonso R. Castelao: De la Pampa solitaria a la Galicia ideal', *Anuario del IEHS* 19: 95-125.

_____, 2005a. 'La récreation de la paroisse: les immigrants galiciens à Buenos Aires (1900-1940)', *Hommes et Migrations* 1256: 6-24.

_____, 2005b. 'Apuntamentos sobre a historiografía recente sobre as migracións ultramarinas hispánicas', en R. C. LOIS GONZÁLEZ e R. M^a VERDUGO MATÉS (eds.), *As migracións en Galiza e Portugal. Contributos desde as Ciencias Sociais* (Santiago de Compostela.: Candeia Editora), 267-92.

PÉREZ REY, N., 2008. 'Unha achega á emigración galega a Nova York', *Estudos Migratorios* 1(2): 31-61.

PORTEIRO GAREA, L., 1918. *A los gallegos emigrados* (A Coruña: Papelería Gallega).

RIDGE, J. T., 1997. 'Irish County Societies in New York, 1880-1914', en BAYOR e MEAGHER (eds.), *The New York Irish* (Baltimore: The John Hopkins University Press), 275-300.

RODRÍGUEZ GALDO, M^a X., 1993. *Galicia, país de emigración* (Colombres: Fundación Archivo de Indianos).

SANFILIPPO, M., 2005. *Problemi di storiografia dell'emigrazione italiana* (Viterbo: Sette Città).

SARMIENTO, E., 2006. 'Galegos no Rio de Janeiro, 1850-1970', Tese de Doutoramento, Departamento de Historia Contemporánea, USC.

*Galegos e irlandeses na
diáspora (1830-1950): elementos
para unha comparanza*
Xosé M. Núñez Seixas

SUÁREZ, C. [ESPAÑOLITO], 1924. *La verdad desnuda (Sobre las relaciones entre España y América)* (Madrid: Imp. Sucesores de Rivadeneyra).

VARELA-LAGO, A. M^a, 2008. 'A emigración galega aos Estados Unidos: Galegos en Luisiana, Florida e Nova York (1870-1940)', *Estudos Migratorios* 1(2): 63-84.

VILLARES, R., e FERNÁNDEZ SANTIAGO, M., 1996. *Historia da emigración galega a América* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

WALSH, R., 1985. 'Irish Nationalism and Land Reform: the Role of the Irish in America', en P. J. DRUDY (ed.), *The Irish in America. Migration, Assimilation and Impact* (Cambridge: CUP), 121-48.